

III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

CORRECCIÓN DE ERROS NA ACTUALIZACIÓN DAS TÁBOAS SALARIAIS PARA 2025 E 2026 DO CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN DA PROVINCIA DE OURENSE, PUBLICADO NO BOP NÚM. 5, DO DÍA 9 DE XANEIRO DE 2026

Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social

No BOP núm. 5, do día 9 de xaneiro de 2026, publicouse a actualización das táboas salariais para 2025 e 2026 do Convenio colectivo do sector da construción da provincia de Ourense, de conformidade coa resolución do Departamento Territorial de Ourense da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Logo de se detectar un erro no formato das ditas táboas salariais, publícase de novo corrixido o anuncio completo.

Convenio ou acordo: construción e obras publicas

Expediente: 32/01/0043/2025

Data: 22/12/2025

Asunto: resolución de inscrición e publicación

Destinatario: María José De Miguel Pérez

Código de Convenio número: 32000155011981

Unha vez visto o texto do convenio colectivo do “sector da construción da provincia de Ourense”, que subscribiu o día 26.11.2025, a representación empresarial e a representación das persoas traballadoras (centrais sindicais: CCOO, FICA-UGT e ACO), e de conformidade co que dispón o artigo 90.2 e 3 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, o Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de igualdade, o Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 147/2024, do 20 de maio de 2024, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Esta dirección territorial,

RESOLVE:

Primeiro. Ordenar a súa inscrición e depósito no Rexistro de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de igualdade da Comunidade Autónoma de Galicia e notificación á representación empresarial e social da comisión negociadora.

Segundo. Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Ourense, na data da sinatura electrónica. A directora territorial.

Asdo.: Marta Vázquez Guzmán.



Convenio colectivo do sector construción da provincia de Ourense

Acta da comisión paritaria

En Ourense, ás 12.00 horas do 26 de novembro de 2025, reúnenos nos locais da Asociación Provincial de Empresarios da Construción de Ourense (ACO) os membros da Comisión Paritaria do convenio colectivo da construción de Ourense. Asisten:

Representación Sindical: por FICA-UGT; Manuel B. González Rodríguez

Por CC.OO. do Hábitat: Antonio Pérez Jácome

Representación empresarial, ACO: José Cesáreo Fernández Ríos, María de Miguel Pérez.

Preside a reunión Antonio Pérez Jácome, nomeándose secretario a Cesáreo Fernández Ríos.

O único punto a tratar na reunión é a actualización das táboas salariais para 2025 e 2026. Antes de aplicar o incremento correspondente a 2025, procede actualizar as táboas salariais, o artigo 55.4 do VII Convenio Xeral do Sector da Construción (VII CXSC) establece:

“(…) Cláusula de garantía salarial. Establécese unha cláusula de garantía salarial, de maneira que se a suma da taxa anual do índice de Prezos de Consumo (IPC) xeral dos meses de decembro dos anos 2022, 2023 e 2024, publicado polo Instituto Nacional de Estatística, se situase nun nivel superior ao 10,0%, e sempre cun máximo dun 13,0%, de maneira que o 50,0% dese exceso irá nun 50,0% a incremento das táboas salariais e o outro 50,0% a contribución ao plan de pensións das persoas traballadoras en alta na empresa a esa data de 1 de xaneiro de 2025; a contribución ao plan de pensións levarase a cabo nos termos e condicións que se determinen no Libro Terceiro ao que se refire o artigo seguinte, e para aquelas persoas partícipes que se definan no mesmo.”

O índice de Prezos de Consumo (IPC) xeral dos meses de decembro dos anos 2022, 2023 e 2024, publicado polo Instituto Nacional de Estatística é o seguinte:

IPC mes de decembro				
2024	2023	2022	Sumatorio	Cláusula Garantía Salarial
2,8	3,1	5,7	11,6	0,8

En consecuencia as táboas salariais de 2024 incrementaranse, con efectos de 1 de xaneiro de 2025 nun 0,40 por cento, sen efectos retroactivos, converténdose na base de partida para a actualización salarial de 2025. Así mesmo, a contribución ao plan de pensións de 2024 incrementarase na cantidade correspondente ao outro 0,40 por cento, sen efectos retroactivos, converténdose na base de partida para a negociación da contribución empresarial de 2025.

As táboas salariais de 2025 obteranse ao incrementar as táboas salariais do ano 2024 nun 3,50 por cento; a contribución ao plan de pensións para o ano 2025 obterase de engadir á contribución ao plan de pensións do ano 2024 o 0,50 por cento do importe dos conceptos salariais das táboas de 2024 do convenio colectivo que resulte de aplicación, na forma prevista no artigo 55 do VII CXSC.



As táboas salariais de 2026 tomarán a táboa salarial de 2025 e incrementaranse nun 3%; a contribución ao plan de pensións para o ano 2026 obterase de engadir á contribución ao plan de pensións do ano 2025 o 0,25 por cento do importe dos conceptos salariais das táboas de 2025 do convenio colectivo que resulte de aplicación, na forma prevista no artigo 55 do VII CXSC.

Así mesmo, establécese unha cláusula de garantía salarial para 2025 e 2026, de maneira que se a suma da taxa anual do índice de Prezos de Consumo (IPC) xeral dos meses de decembro dos anos 2025 e 2026, publicado polo Instituto Nacional de Estatística, se situase nun nivel superior ao 7,25 por cento e sempre cun máximo do 9,25 por cento, incrementaranse con efectos de 1 de xaneiro de 2027 as táboas salariais do ano 2026, sen efectos retroactivos, de maneira que o 50,% dese exceso irá nun 50,% a incremento das táboas salariais e o outro 50% a contribución ao plan de pensións das persoas traballadoras en alta na empresa a esa data 1 de xaneiro de 2027; a contribución ao plan de pensións levarase a cabo nos termos e condicións que se determinan no Libro Terceiro do VII Convenio Xeral do Sector da Construción, e para aquelas persoas partícipes que se definen no mesmo.

Acordouse por unanimidade autorizar a María José de Miguel Pérez con DNI número 3*****-*, para que poida realizar os trámites precisos para presentar esta acta e os acordos que contén, con facultades para aclarala, emendala, corrixila, completala e integrala no seu caso, para o seu rexistro, inscrición, depósito e publicación.

Unha vez lida a acta, e estando todos conformes, acordan por unanimidade a súa sinatura no lugar e data indicados no encabezamento sendo as 13.00 horas.

(Ver anexos páx. seguintes)



Convenio provincial do sector da construción da provincia de Ourense
Contribución plan de pensións

Nivel	Categorías	Acheга 2025 Plan pensións		Acheга 2026 Plan pensións	
		Anual	Mensual	Anual	Mensual
II	Titulado/a Superior	439,78	36,65	490,75	40,90
III	Titulado/a Medio/a, Xefe/a Administrativo/a 1ª, Xefe/a Sec. Org. 1ª	439,10	36,59	490,08	40,84
IV	Xefe/a de Persoal, Axte. de Obra, Encargado/a Xeral de Fábrica, Encargado/a Xeral	438,35	36,53	489,33	40,78
V	Xefe/a Administrativo/a de 2ª, Delineante Superior, Encargado/a Xeral de Obra, Xefe/a Sec. Org. Científico/a do Traballo de 2ª, Xefe/a de Compras	437,67	36,47	488,65	40,72
VI	Oficial Administrativo/a de 1ª, Delineante de 1ª, Encarg. Taller, Encarg. Sec. Laboratorio, Escultor/a de Pedra E Mármores, Práct. Topografía de 1ª, Técn. Org. 1ª.	436,93	36,41	487,91	40,66
VII	Delineante de 2ª, Técnico/a Org. de 2ª, Práctico/a Topografía de 2ª, Analista de 1ª, Viaxante, Capataz, Especialista de Oficio	434,22	36,19	485,20	40,43
VIII	Oficial Administrativo/a de 2ª, Corredor/a de Praza, Oficial 1ª de Oficio, Inspector/a de Control Sinalización e Servizos, Analista de 2ª	432,19	36,02	483,17	40,26
IX	Auxiliar Administrativo/a, Axte. Topográfico, Auxiliar de Org., Vendedores, Conserxe, Oficial 2ª de oficio	430,08	35,84	481,06	40,09
X	Auxiliar de Laboratorio, Vixiante, Almaceneiro/a, Enfermeiro/a, Cobrador/a, Garda-Xurado, Axudantes de Oficio, Especialistas de 1ª	427,98	35,67	478,96	39,91
XI	Especialistas de 2ª, Peóns Especializados	423,90	35,33	473,73	39,48
XII	Peóns Ordinarios, Limpador/a	421,73	35,14	471,57	39,30



ANEXO III
Convenio provincial do sector da construción da provincia de Ourense
Táboa de retribucións para o período 01/01/2025 ao 31/12/2025

Nivel	Categorías	Mensual				Pagas extras		Annual	Salario Anual	Horas Extras
		Soldo Base	Gratificación Asistencia	Gratificación Transporte	Total Mes	Xuño	Decembro	Vacacións		
II	Titulado/a Superior	1.293,82	329,81	112,20	1.735,83	1.579,19	1.579,19	1.579,19	23.831,70	13,83
III	Titulado/a Medio/a, Xefe/a Administrativo/a 1ª, Xefe/a Sec. Org. 1ª	1.288,11	324,12	91,42	1.703,65	1.574,11	1.574,11	1.574,11	23.462,48	13,83
IV	Xefe/a de Persoal, Axte. de Obra, Encargado/a Xeral de Fábrica, Encargado/a Xeral	1.281,82	317,79	90,94	1.690,55	1.568,83	1.568,83	1.568,83	23.302,54	13,83
V	Xefe/a Administrativo/a de 2ª, Delineante Superior Encargado/a Xeral de Obra, Xefe/a Sec. Org. Científico/a do Traballo de 2ª, Xefe/a de Compras	1.276,05	312,13	90,45	1.678,63	1.564,08	1.564,08	1.564,08	23.157,17	13,83
VI	Oficial Administrativo/a de 1ª, Delineante de 1ª, Encarg. Taller, Encarg. Sec. Laboratorio, Escultor/a de Pedra e mármore, Práct. Topografía de 1ª, Técn. Org. 1ª.	1.269,79	305,80	90,01	1.665,60	1.558,90	1.558,90	1.558,90	22.998,30	13,83
VII	Delineante de 2ª, Técnico/a Org. de 2ª, Práctico/a Topografía de 2ª, Analista de 1ª, Viaxante, Capataz, Especialista de Oficio	1.246,88	282,91	88,27	1.618,06	1.539,98	1.539,98	1.539,98	22.418,60	13,14
VIII	Oficial Administrativo/a de 2ª, Corredor/a de Praza, Oficial 1ª de Oficio, Inspector/a de Control Sinalización e Servizos, Analista de 2ª	1.229,66	265,72	86,97	1.582,35	1.526,10	1.526,10	1.526,10	21.984,15	12,78
IX	Auxiliar Administrativo/a, Axte. Topográfico Auxiliar de Org., Vendedores, Conserxe, Oficial 2ª de oficio	1.211,93	247,94	67,05	1.526,92	1.510,71	1.510,71	1.510,71	21.328,25	12,28
X	Auxiliar de Laboratorio, Vixiante, Almaceneiro/a, Enfermeiro/a, Cobrador/a, Garda-Xurado, Axudantes de Oficio, Especialistas de 1ª	1.194,19	230,20	66,12	1.490,51	1.496,03	1.496,03	1.496,03	20.883,70	11,56
XI	Especialistas de 2ª, Peóns Especializados	1.176,51	212,48	65,04	1.454,03	1.465,47	1.465,47	1.465,47	20.390,74	11,15
XII	Peóns Ordinarios, Limpador/a	1.158,21	194,19	64,07	1.416,47	1.450,42	1.450,42	1.450,42	19.932,43	10,72

Nota: As categorías que se indican, cunha antigüidade na empresa anterior a 7/07/98, rexeranse a efectos económicos polos seguintes niveis: Nivel VII: Oficial Admtvo. 2ª. Nivel VIII: Auxiliar Admtvo. Nivel V: Encargado de Taller.
 Axuda de custo: 39,50
 Media a. de custo: 17,37



Convenio provincial do sector da construción da provincia de Ourense
Táboa de retribucións para o período 01/01/2026 ao 31/12/2026

Nivel	Categorías	Mensual				Pagas extras		Anual Vacacións	Salario Anual	Horas Extras
		Soldo Base	Gratificación Asistencia	Gratificación Transporte	Total Mes	Xuño	Decembro			
II	Titulado/a Superior	1.332,63	339,70	115,57	1.787,90	1.626,57	1.626,57	1.626,57	24.546,65	14,24
III	Titulado/a Medio/a, Xefe/a Administrativo/a 1ª, Xefe/a Sec. Org. 1ª	1.326,75	333,84	94,16	1.754,76	1.621,33	1.621,33	1.621,33	24.166,35	14,24
IV	Xefe/a de Persoal, Axte. de Obra, Encargado/a Xeral de Fábrica, Encargado/a Xeral	1.320,27	327,32	93,67	1.741,27	1.615,89	1.615,89	1.615,89	24.001,62	14,24
V	Xefe/a Administrativo/a de 2ª, Delineante Superior, Encargado/a Xeral de Obra, Xefe/a Sec. Org. Científico/a do Traballo de 2ª, Xefe/a de Compras	1.314,33	321,49	93,16	1.728,99	1.611,00	1.611,00	1.611,00	23.851,89	14,24
VI	Oficial Administrativo/a de 1ª, Delineante de 1ª, Encarg. Taller, Encarg. Sec. Laboratorio, Escultor/a de Pedra e mármore, Práct. Topografía de 1ª, Técn. Org. 1ª	1.307,88	314,97	92,71	1.715,57	1.605,67	1.605,67	1.605,67	23.688,25	14,24
VII	Delineante de 2ª, Técnico/a Org. de 2ª, Práctico/a Topografía de 2ª, Analista de 1ª, Viaxante, Capataz, Especialista de Oficio	1.284,29	291,40	90,92	1.666,60	1.586,18	1.586,18	1.586,18	23.091,16	13,53
VIII	Oficial Administrativo/a de 2ª, Corredor/a de Praza, Oficial 1ª de Oficio, Inspector/a de Control Sinalización e Servizos, Analista de 2ª	1.266,55	273,69	89,58	1.629,82	1.571,88	1.571,88	1.571,88	22.643,67	13,16
IX	Auxiliar Administrativo/a, Axte. Topográfico, Auxiliar de Org., Vendedores, Conserxe, Oficial 2ª de oficio	1.248,29	255,38	69,06	1.572,73	1.556,03	1.556,03	1.556,03	21.968,10	12,65
X	Auxiliar de Laboratorio, Vixiante, Almaceneiro/a, Enfermeiro/a, Cobrador/a, Garda-Xurado, Axudantes de Oficio, Especialistas de 1ª	1.230,02	237,11	68,10	1.535,23	1.540,91	1.540,91	1.540,91	21.510,21	11,91
XI	Especialistas de 2ª, Peóns Especializados	1.211,81	218,85	66,99	1.497,65	1.509,43	1.509,43	1.509,43	21.002,46	11,48
XII	Peóns Ordinarios, Limpador/a	1.192,96	200,02	65,99	1.458,96	1.493,93	1.493,93	1.493,93	20.530,40	11,04

Nota: As categorías que se indican, cunha antigüidade na empresa anterior a 7/07/98, rexeranse a efectos económicos polos seguintes niveis: Nivel VII: Oficial Admto. 2ª. Nivel VIII: Auxiliar Admto. Nivel V: Encargado de Taller.
Axuda de custo: 40,69
Media a. de custo: 17,89

R. 100

